

Referencia:	2020/30092R
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del CAV
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

INFORME ECONOMICO FINANCEIRO

Asunto: Aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2021

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral da Deputación Provincial de Ourense e interventora do Consorcio de Augas de Valdeorras, en relación co proxecto de orzamento da entidade para o exercicio 2021 e ao amparo do disposto no art. 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, ten a ben emitir o seguinte informe:

Antecedentes:

- Tramitación do expediente de aprobación do orzamento para o ano 2021 pola Asemblea.
- Tal e como se desprende do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, mais concretamente no seu Título VI, Capítulo I, Sección 1ª , artigos 162-171, as Entidades Locais elaborarán anualmente un orzamento Xeral.
- Ao abeiro do disposto no artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, " *sobre a base dos orzamentos e estados de previsión, o Presidente da Entidade Local formará o Orzamento Xeral e o remitirá, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria..... ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución*".

Normativa Aplicable:

- Artigos 162 a 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en adiante).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBL, en adiante), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Art. 2 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, Xeral de Subvencións de Galicia.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, de réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, réxime xurídico funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2021, formado polo Sr. Presidente do Consorcio de Augas de Valdeorras, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

INFORMA

1º.- O expediente sometido ao preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:

1. *Memoria* explicativa do seu contido subscriba polo Presidente da Asemblea do consorcio.
2. *Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente*, referida, polo menos a seis meses do mesmo, subscribas ámbalas dúas pola Interventora e confeccionadas segundo o disposto na Instrución de Contabilidade. A lei esixe a introdución desta documentación nos orzamentos para dispor de referencias do exercicio anterior e da marcha do corrente e así contrastalas coas previsións que se fan para o ano seguinte.
3. *Anexo de persoal* do Consorcio.
4. *Anexo das investimentos a realizar no exercicio*.
5. *Informe Económico-financieiro*, no que se expoñan as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.
6. *Informe de estabilidade orzamentaria*.

Por conseguinte obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Polo que respecta á Estrutura Orzamentaria dos estados de ingresos e gastos plasmada no Proxecto de Orzamento sometido a informe, a mesma adecúase ao

previsto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, dando deste xeito cumprimentado ao regulado no artigo 167 do TRLFL, que se resume do seguinte xeito:

- No que atinxe ao *Estado de Gasto* os créditos clasifícanse obrigatoriamente por programas e por categorías económicas sendo optativa a clasificación orgánica, que non foi empregada na elaboración do Proxecto do Orzamento para o exercicio 2021. A " aplicación orzamentaria" ven determinada pola conxunción da clasificación por programas é a económica ao nivel de grupo de programa e partida, respectivamente.
- En relación ao *Estado de Ingresos* a clasificación ven determinada a nivel de subconcepto, sendo o maior nivel de desagregación posible.

2º.- Os estados de gastos e ingresos do orzamento para o exercicio 2021 ascenden a 1.311.775,00 euros respectivamente.

O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, "*cada un dos orzamentos que se integran no orzamento Xeral debera aprobarse sen déficit inicial*".

3º.- Unha análise máis polo miúdo dos capítulos de gasto do orzamento:

A) Gastos de persoal.

1.a) Persoal laboral Fixo

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos necesarios destinados para as retribucións do persoal necesario para poder desenvolver as actividades propias do consorcio e os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos.

Este persoal inclúe dous administrativos, persoal de redes e plantas e condutores dos camións impulsores – succionadores, mais os gastos da Seguridade Social a cargo do Consorcio.

B) Compra de bens correntes e servizos.-

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para o pago de seguro de RC, de vixilancia e seguridade no traballo, aluguer do local de traballo, de aluguer de vehículos, e demais gastos imprescindibles para o bó funcionamento do servizo. Destaca sobre o resto, o custe das asistencias técnicas externas para os servizos de abastecemento, saneamento e depuración.

4º.- Os ingresos correntes orzamentarios, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financeiro suscrito pola presidencia, considéranse calculados segundo o exposto nos estatutos propios do Consorcio.

5º.- As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

6º.- Non se prevén investimentos para o exercicio 2021.

7º.- Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras.

Son os artigos 168 e seguintes do TRLRFL, en concordancia cos artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, os que conteñen as prescricións reitoras do aspecto procedimental.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras pode resumirse, a grandes trazos, do seguinte xeito:

a) Aprobación inicial pola Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras e polo Pleno da Entidade da que depende, a Deputación Provincial de Ourense.

- b) Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por un prazo de quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver ao Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.
- c) A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Deputación realizarase antes do 31 de decembro do ano anterior o do exercicio no que deba aplicarse.
- d) Aprobado definitivamente o Orzamento, insertarase no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos .
- e) Do Orzamento debidamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da CCAA. Farase simultaneamente a remisión ao boletín oficial.
- f) Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.
- g) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior, co seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se fagan conforme o exposto nos artigos 177,178 e 179 da Lei Reguladora de Facendas locais e ata a entrada en vigor do novo orzamento.
- h) A copia do orzamento xunto coas súas modificacións, deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Conclusión

Primeira: O Orzamento Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras, inclúe a documentación esixida polo TRLRFL .

Segunda: Os Estados de Ingresos e Gastos do Orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras, confeccionouse sen déficit inicial cumpríndose, desde xeito, os principios de nivelación orzamentaria interna e non afectación, xa que os ingresos correntes son suficientes aos gastos correntes.

Terceira: O Orzamento Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras, para o exercicio 2021, dende o punto de vista económico financeiro, foi elaborado con observancia dos preceptos legais e a súa estrutura orzamentaria é que establece a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Cuarta: O Orzamento Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2021 non tivo en conta a débeda que arrastra dende o seu inicio. Non se contempla a subsanación do déficit xurdido nestes exercicios, nin do remanente de tesourería negativo tan elevado, incumprindo co artigo 193 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e coa Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira.

Este é o meu informe, do que se informa desfavorablemente, sen prexuízo doutro mellor fundando co dereito e de que o órgano competente decida o que se estime máis convinte para os intereses xerais.